

**BASES DO V PROGRAMA DE DEPORTE ADAPTADO-INCLUSIVO DA
MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL
(OUTONO 2015)**

A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol desenvolve coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña un programa de deporte e actividade física adaptada-inclusiva destinado a promover a diversidade funcional no deporte e actividade física (Programa FO101 ano 2016).

Coa colaboración do ente provincial establécese tamén un servizo de transporte para a realización de deporte e actividade física adaptada-inclusiva (Programa FOAXCA da convocatoria 2016).

Esta experiencia piloto ocúpase de modalidades deportivas e colectivos concretos, se ben o obxectivo a medio prazo é incorporar progresivamente o amplo abano existente dentro do deporte adaptado. A continuación establécese as condicións de desenvolvemento deste programa e indícase o procedemento de prematrícula.

1. MODALIDADES DEPORTIVAS A IMPARTIR, UBICACIÓN E HORARIOS (PREVISIÓN)

Actividade	Lugar previsto	Horario previsto
Baile adaptado	Local Social Sta. Icia (Narón)	Luns, 17:15 a 18:15 horas
Baloncesto en cadeira de rodas	Pavillón Polideportivo "O Ramo" Rúa Pablo Ares Feal, 28. Barallobre, Fene	Xoves de 17:30 a 19:00
Boccia	Centro Público Integrado do Feal, R/ Río Seco, s/n, O Feal, Narón	Venres de 16:00 a 18:00
Slalom en cadeira de rodas	Centro Público Integrado do Feal, R/ Río Seco, s/n, O Feal, Narón.	Mércores de 16:30 a 18:00
Padel en cadeira de rodas	P6 Sport Center, Rúa dos Panadeiros, Narón	Martes de 18:30 a 20:00
Pilates	COGAMI FERROL, Rúa Sánchez Calviño nº 56-58, Ferrol	Xoves de 11:30 a 12:30

2. PARTICIPANTES:

Os participantes no *V Programa de Deporte adaptado-inclusivo* deberán cumprir os seguintes requisitos:

- ⤴ Estar empadroado nalgún dos municipios que conforman a Mancomunidad (Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño).
- ⤴ Ser maior de 5 anos no momento de formalizar a matrícula. No caso de persoas menores de 9 anos, poderase condicionar a asistencia ás actividades á presenza do pai, nai ou titor, se fose necesario polas características da actividade a criterio do técnico monitor.

As prazas dispoñibles outorgaranse preferentemente ás persoas con necesidades de adaptación deportiva, se ben as actividades encóntranse abertas a todas as persoas interesadas no deporte adaptado á diversidade funcional. O tenis en cadeira de rodas e o baloncesto en cadeira de rodas son deportes adaptados a persoas con mobilidade reducida nos seus membros inferiores. A boccia é un deporte similar á petanca que ofrece adaptación deportiva a persoas afectadas por parálises ou lesións cerebrais, entre outras situacións. O slalom é unha actividade que reproduce en forma de deporte as “carreiras de obstáculos” ás que día a día se enfrontan as persoas que empregan cadeira de rodas. O baile adaptado é unha actividade adaptada a múltiples situacións de diversidade funcional. O pilates adaptado é unha disciplina que combina exercicios de chan, metodoloxías de relaxación, respiración e concentración para poder conectar o corpo coa mente a través de movementos que sempre van estar adaptados ás características das persoas que participan.

No caso de que queden prazas vacantes, estas poderán ser ocupadas por persoas empadroadas noutros municipios que non pertencen á Mancomunidad, sen poder ser beneficiarios do transporte adaptado aqueles que residan fóra deste ámbito territorial.

A participación no programa é GRATUITA. Non obstante, a non asistencia inxustificada e reiterada ás actividades e/ou o comportamento incorrecto nas mesmas poderá ser motivo de expulsión e valorarse negativamente en futuras edicións do programa.

Naquelas actividades que requiran licenza federativa, o participante deberá posuíla antes do seu inicio. A estes efectos, daranse facilidades a aquelas persoas que non teñan licenza no momento da inscrición para a súa tramitación coa maior axilidade.

O programa pon a disposición dos usuarios o material esencial para a realización das actividades, e en particular o seguinte material adquirido mediante sucesivas subvencións da Deputación da Coruña para equipamento deportivo: rampas e bolas de boccia, balóns de baloncesto, cadeiras de rodas deportivas, equipamento de pilates e materiais de slalom.

É obrigatorio acudir ao programa con vestimenta deportiva e cómoda para a práctica do deporte.

3. TRANSPORTE ADAPTADO

Existe a disposición dos usuarios que o precisen un servizo gratuíto de transporte adaptado.

O transporte recolleraos nos puntos de encontro que se acorden, levaraos á actividade e unha vez remate transportaraos ao punto de partida. Existirá polo menos un punto de encontro por concello, a determinar no momento da realización da matrícula.

Os usuarios que por circunstancias especiais non poidan acudir de forma ordinaria ao punto de encontro e necesiten ser recollidos e devoltos na porta do seu domicilio, deberán indicalo no momento da solicitude de matrícula, para que o seu caso poida ser estudado.

Os usuarios do transporte adaptado deberán avisar ao coordinador con 48 horas de antelación se non van precisar ese día o transporte. No caso inxustifico de non comunicalo poderán ser expulsados do programa.

4. PRAZAS DISPOÑIBLES E MATRÍCULA:

As prazas inicialmente ofertadas no programa *Deporte adaptado-inclusivo* son as seguintes:

- Baloncesto en cadeira de rodas: 10
- Boccia: 12
- Slalom: 10
- Padel en cadeira de rodas: 8
- Baile adaptado: 18
- Pilates: 10 (variable en función do perfil do grupo)

As prazas serán cubertas por orde de solicitude, tendo en conta as necesidades de adaptación dos usuarios. No caso de pilates, terase ademais en conta a adecuación da persoa solicitante ao perfil do grupo segundo o criterio do monitor.

As actividades poderán iniciarse dende o momento en que se dispoña de usuarios suficientes para o seu desenvolvemento, e a matrícula continuará aberta mentres existan prazas dispoñibles, sen que se poida garantir a posibilidade de incorporación con posterioridade ao 1 de novembro.

Para realizar a matrícula deberase presentar a seguinte documentación:

- Impreso de matrícula
- Autorización para a cesión de datos de carácter persoal
- Fotocopia do D.N.I.
- Licencia federativa ou documento que acredite o inicio da súa tramitación, se procede.

Se no prazo sinalado non se entrega a documentación entenderase que a persoa non está interesada en participar no programa e disporase da súa praza para outro solicitante.

5. CONDICIÓN XERAIS

É responsabilidade de cada usuario/a a aptitude física necesaria para participar nas actividades convocadas, polo que a Mancomunidade non se fará cargo de ningún dano físico ou moral que poida derivarse da participación nas mesmas por este motivo.

A Mancomunidade resérvase o dereito de realizar as modificacións que estime oportunas na programación das actividades para o bo funcionamento das mesmas.

Para máis información:

Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol
Pazo Municipal de Ferrol 2º andar
Praza de Armas s/n, 15402 Ferrol
web: www.comarcaferrolterra.es
Tlf.: 981944000 ext. 378
e-mail: lalcala@ferrol.es